



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

EXPEDIENTE: 2022/T019/000001

PROVIDENCIA DA ALCALDIA

ASUNTO: LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO XERAL DO CONCELLO DE FISTERRA,
CORRESPONDENTE AO EXERCICIO DE 2021

Rematado o exercicio económico 2021 e sendo necesario levar a cabo a correspondente liquidación do orzamento do Concello de Fisterra.

Por medio da presente DISPOÑO

PRIMEIRO. Que se inicie de oficio o correspondente procedemento para a confección da liquidación do orzamento xeral do exercicio económico 2021 do Concello de Fisterra.

SEGUNDO. Que pola Secretaría – Intervención accidental, se emita informe en relación coa lexislación aplicable e o procedemento a seguir.

TERCEIRO. Que pola Secretaria - Intervención accidental, se emita o informe correspondente sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria e da regra do gastos.

CUARTO. Elaborados ambos informes, elévese o expediente para a súa aprobación definitiva.

Fisterra, 31 de marzo de 2022

O Alcalde - Presidente

Asdo. José Marcote Suárez



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

EXPEDIENTE: 2022/T019/000001

INFORME SECRETARIA ACCIDENTAL

ASUNTO: LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO XERAL DO CONCELLO DE FISTERRA
CORRESPONDENTE AO EXERCICIO DE 2021

De acordo co ordenado polo Sr. Presidente mediante Providencia de 30/03/2022, e en cumprimento do establecido no artigo 3.3.a) do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional, emito o seguinte

INFORME

PRIMEIRO. De conformidade cos artigos 191 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, e 89 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, o Orzamento de cada exercicio liquidarase en canto á recadación de dereitos e ao pago de obrigas o 31 de decembro do ano natural correspondente, quedando a cargo da Tesourería Local os ingresos e pagos pendentes, segundo as súas respectivas contraccións.

Para a aprobación da liquidación do orzamento por parte do Sr. Alcalde-Presidente do concello de Fisterra", será necesario a realización deste informe (artigo 192.2 do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais), dar conta da liquidación, unha vez aprobada, ao Pleno da Corporación e, remitir unha copia xunto co expediente de aprobación, tanto á Comunidade Autónoma como ao Ministerio de Facenda.

As entidades locais deberán confeccionar a liquidación do seu orzamento antes do día primeiro de marzo do exercicio seguinte.

SEGUNDO: A lexislación aplicable é a seguinte:

- Os artigos 163, 191, 193 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo.
- Os artigos 89 a 105 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei 39/1988, do 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos.
- Os artigos 3, 11 e 12 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.
- O artigo 16 do Regulamento de Desenvolvemento da Lei 18/2001, do 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa Aplicación ás Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 1463/2007, do 2 de novembro..
- O Regulamento (UE) Número 549/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 21 de maio de 2013, relativo ao Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais da Unión Europea (SEC-10).



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

- A Guía para a determinación da Regra de Gasto do artigo 12 da Lei Orgánica 2/2012, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira para Corporacións Locais (IGAE).
- A Orde EHA/3565/2008, do 3 de decembro, pola que se Aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais.
- A Orde HAP/1781/2013, do 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de contabilidade local.
- O artigo 18 da Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei orgánica 2/2012.
- O artigo 36 da Lei 2/2011, do 4 de marzo, de economía sustentable.
- O artigo 4.1.b)4º do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

TERCEIRO. O modelo normal de contabilidade aplicarase aos municipios cun orzamento que exceda de 3.000.000,00 € e a súa poboación supere os 5.000 habitantes, así como as demais entidades locais sempre que o seu orzamento exceda de 3.000.000,00 €.

Tamén será aplicable aos organismos autónomos dependentes das entidades locais contempladas no apartado anterior.

CUARTO. O procedemento a seguir será o seguinte:

A) No exercicio das funcións recollidas nos artigos 177.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o artigo 37 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril e o artigo 4.1.b)4º do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, emitirase o correspondente informe de intervención.

B) Posteriormente, o órgano interventor elaborará un informe do cálculo da Estabilidade Orzamentaria e a Sustentabilidade Financeira.

C) Vistos os informes, corresponde ao Alcalde - Presidente a aprobación da liquidación do orzamento do Concello de Fisterra e das liquidacións dos orzamentos dos organismo autónomos dela dependentes (artigo 90 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril).

D) Da liquidación de cada un dos orzamentos, unha vez efectuada a aprobación, darase conta ao pleno na primeira sesión que se celebre.

E) Aprobada a liquidación deberase remitir copia da mesma, antes de finalizar o mes de marzo do exercicio seguinte ao que corresponda, á Comunidade Autónoma e ao centro ou dependencia do Ministerio de Facenda que este determine (artigo 193.5 do TRLFL e 91 RD 500/1990).



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

A remisión da liquidación realizase de conformidade co establecido na Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. Desta forma, antes do 31 de marzo do ano seguinte ao que se refire a liquidación, deberá cumprimentarse toda a información relativa a liquidación do orzamento da entidade local e dos seus organismos autónomos. En caso de incumprir a devandita obriga de remisión, deberá terse en conta o establecido no artigo 36 da Lei 2/2011, do 4 de marzo, de economía sostible.

Fisterra, 31 de marzo de 2022

O secretario – interventor accidental

Asdo. Juan Carlos Carril Pérez



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

EXPEDIENTE: 2022/T019/000001

INFORME DE INTERVENCIÓN ACCIDENTAL

ASUNTO: LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO XERAL DO CONCELLO DE FISTERRA, CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2021

De acordo co ordenado polo Sr. Presidente mediante Providencia de 30/03/2022, e en virtude das atribucións de control citadas e establecidas no artigo 213 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo e desenvolvidas polo Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local; e en atención as facultades recollidas no artigo 4.1.b).4º do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, emito o seguinte INFORME.

PRIMEIRO. De conformidade cos artigos 191 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, e 89 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, o Orzamento de cada exercicio liquidarase en canto á recadación de dereitos e ao pago de obrigas o 31 de decembro do ano natural correspondente, quedando a cargo da Tesourería Local os ingresos e pagos pendentes, segundo as súas respectivas contraccións.

Para a aprobación da liquidación do orzamento por parte do Sr. Alcalde-Presidente do concello de Fisterra", será necesario a realización deste informe (artigo 192.2 do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais), dar conta da liquidación, unha vez aprobada, ao Pleno da Corporación e, remitir unha copia xunto co expediente de aprobación, tanto á Comunidade Autónoma como ao Ministerio de Facenda.

As entidades locais deberán confeccionar a liquidación do seu orzamento antes do día primeiro de marzo do exercicio seguinte.

SEGUNDO: A lexislación aplicable é a seguinte:

- Os artigos 191.3 e 192.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

- O artigo 90 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei 39/1988, do 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos.

TERCEIRO. A liquidación do orzamento do Concello de Fisterra, do exercicio económico de 2021, formado polo Alcalde-Presidente queda integrado por:

- O orzamento do Concello da Fisterra.

CUARTO. De conformidade co disposto no artigo 93.1 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o capítulo primeiro do Título sexto da Lei 39/1988,



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

do 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, o estado da liquidación do orzamento desta entidade está composto por:

- Liquidación do Orzamento de Gastos.
- Liquidación do Orzamento de Ingresos.
- Resultado orzamentario.

A liquidación do orzamento de gastos e a liquidación do orzamento de ingresos presentase co nivel de desagregación do orzamento aprobado e das súas modificacións posteriores.

QUINTO. Examinada a liquidación do orzamento municipal de 2021, comprobouse que pon de manifesto, en virtude do artigo 93.1.a) do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, respecto ao Orzamento de gastos e como mínimo a nivel de capítulo:

Créditos Iniciais	3.191.378,55 €
Modificacións de Créditos	1.063.524,36 €
Créditos definitivos	4.254.902,91 €
Gastos comprometidos	3.556.689,08 €
Obrigas recoñecidas netas	3.484.389,08 €
Pagos realizados	3.387.483,82 €
Obrigas pendentes de pagamento	96.905,26 €
Total liquidación do orzamento de gastos	770.513,83 €

SESTO. Examinada a liquidación do orzamento municipal de 2021, comprobouse que pon de manifesto, en virtude do artigo 93.1.b) do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, respecto ao Orzamento de ingresos e como mínimo a nivel de capítulo:

Provisións iniciais	3.384.206,14 €
Modificación das previsións	1.063.524,36 €
Previsións definitivas	4.447.730,50 €
Dereitos recoñecidos	3.892.975,20 €
Dereitos anulados	80.495,47 €
Dereitos recoñecidos netos	3.812.479,73 €
Recadación neta	3.646.031,81 €
Dereitos pendentes de cobro	166.477,92 €
Total liquidación do orzamento de ingresos	-635.250,77 €

SETIMO. De conformidade co disposto no artigo 93.2 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais en materia de orzamentos, na liquidación do orzamento desta entidade determinouse:

- Os dereitos pendentes de cobro e as obrigas pendentes de pago a 31 de decembro.
- O resultado orzamentario do exercicio.
- Os remanentes de crédito.
- O remanente de tesourería.

OITAVO. Os dereitos pendentes de cobro e as obrigas recoñecidas pendentes de pago a 31 de decembro desta entidade que integran a agrupación dos orzamentos



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

pechados e teñen a consideración de operacións de tesourería local en virtude do disposto no artigo 94 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais en materia de orzamentos, ascenden ás seguintes cantidades:

Dereitos pendentes de cobro	166.447,92 €
Obrigas pendentes de pago	96.905,26 €

NOVENO. De conformidade co disposto no artigo 96 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, o resultado orzamentario, o resultado das operacións orzamentarias do exercicio, ven determinado pola diferenza entre:

- Os dereitos orzamentarios liquidados, nos seus valores netos, é dicir, deducidos aqueles que, por calquera motivo, foran anulados, que supoñen un importe de tres millóns oitocentos doce mil catrocentos setenta e nove euros e setenta e tres céntimos (3.812.479,73 €), e

- As obrigas recoñecidas, nos seus valores netos, é dicir, deducidas aquelas que, por calquera motivo, foran anuladas que supoñen un importe de tres millóns catrocentos oitenta e catro mil trescentos oitenta e nove euros e oito céntimos (3.484.389,08 €).

Así mesmo, o resultado orzamentario deberase axustar en función de:

- As **obrigas financiadas con remanentes de tesourería**, isto é, aqueles gastos realizados como consecuencia de modificacións orzamentarias financiadas con remanente de Tesourería para gastos xerais. Así as cousas, estes gastos realizados e que foron financiados con remanente de tesourería para gastos xerais, tivéronse en conta para o cálculo do resultado orzamentario do exercicio, aumentando o mesmo, polo seguinte valor:

Créditos gastados financiados con remanente de tesourería: 223.110,70 €

- As **diferencias de financiación derivadas de gastos con financiación afectada** as que poderán ser positivas (cando os ingresos producidos son superiores aos que houberan correspondido ao gasto efectivamente realizado) ou, negativas (cando os ingresos producidos non cubriron o gasto realizado). Para o seu cálculo debese ter en conta o disposto na Regra 30 da ICALS.

Así as cousas e tendo en conta os datos deste concello en 2021, o axuste correspondente para que o resultado orzamentario ofrezca unha situación real será o seguinte:

Desviacións de financiación negativas do exercicio	36.312,65 €
Desviacións de financiación positivas do exercicio	31.270,46 €

Así as cousas, unha vez realizados todos os cálculos regulados no artigo 96 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, e Regra 30 da ICALS, **o resultado orzamentario axustado do exercicio 2021 é positivo e ten un superávit de:** cincocentos cincuenta e seis mil douscentos corenta e tres euros e cincuenta e catro céntimos (**556.243,54 €**).



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

DÉCIMO. O remanente de tesourería é unha magnitude de carácter orzamentario que reflexa un recurso para financiar gastos, si é positivo, e un déficit, si é negativo a 31 de decembro.

O remanente de tesourería está integrado por:

- Dereitos pendentes de cobro.
- Obrigas pendentes de pago.
- Fondos líquidos.
- Partidas pendentes de aplicación.

Obtense como suma dos fondos líquidos mais os dereitos pendentes de cobro, deducindo as obrigas pendentes de pago e agregando as partidas pendentes de aplicación.

- Fondos líquidos comprenderán:

- . Saldos dispoñibles de caixas de efectivo e contas bancarias.
- . Inversións temporais en que se materializaran os excedentes temporais de tesourería que non teñan carácter orzamentario.

Os **fondos líquidos** a 31-12-2021 ascenden a un total de un millón oitocentos corenta e seis mil catrocentos setenta e nove euros e dous céntimos (1.846.479,02 €)

- Dereitos pendentes de cobro comprenderán:

- . Dereitos pendentes de cobro do orzamento corrente = 166.447,92 €.
- . Dereitos pendentes de cobro de orzamentos pechados = 414.944,14 €.
- . Dereitos pendentes de cobro correspondentes a contas de debedores que non sexan orzamentarios = 0,00 €.

Os **dereitos pendentes de cobro** a 31-12-2021 ascenden a un total de cincocentos oitenta e un mil trescentos noventa e dous euros e seis céntimos (581.392,06 €).

- Obrigas pendentes de pago comprenderán:

- . Obrigas pendentes de pago do orzamento corrente = 96.905,26 €.
- . Obrigas pendentes de pago do orzamentos pechados = 18.150,08 €.
- . Obrigas pendentes de pago correspondentes a contas de acredores que non sexan orzamentarios = 184.177,79 €.

As **obrigas pendentes de pago** a 31-12-2021, ascenden a un total de douscentos noventa e nove mil douscentos trinta e tres euros e trece céntimos (299.233,13 €).

- Partidas pendentes de aplicación definitiva estarán formadas por:

- . Cobros realizados pendentes de aplicación definitiva = 28.704,63 €.
- . Pagos realizados pendentes de aplicación definitiva = 69.834,61 €.

As **partidas pendentes de aplicación** a 31-12-2021, ascenden a un total de corenta e un mil cento vinte e nove euros e noventa e oito céntimos (41.129,98 €).



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

Así as cousas, o **REMANENTE DE TESOURERÍA TOTAL** do Concello de Fisterra é de dous millóns cento sesenta e nove mil setecentos sesenta e sete euros e noventa e tres céntimos (**2.169.767,93 €**).

UNDÉCIMO. Así mesmo, e de conformidade co disposto no artigo 103 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais en materia de orzamentos e, na ICALS, do remanente de tesourería total haberá que deducir os dereitos pendentes de cobro que se consideren de difícil ou imposible recadación e, o exceso de financiación afectada producido.

No que toca co cálculo dos dereitos de difícil ou imposible recadación poderase realizar de maneira individualizada ou mediante a fixación dunha porcentaxe a tanto alzado.

Así as cousas, **os dereitos pendentes de cobro de difícil ou imposible aplicación** a 31-12-2021 é de cento cincuenta e dous mil cento oito euros e noventa e un céntimos (152.108,91 €).

Respecto ao exceso de financiación afectada producido o mesmo, está constituído pola suma das desviacións de financiación positivas acumuladas a fin de exercicio.

Deste modo, o **exceso de financiación afectada producido** a 31-12-2021, é de once mil catrocentos sete euros e corenta e nove céntimos (11.407,49 €).

Unha vez descontado do remanente de tesourería total os dereitos pendentes de cobro de difícil ou imposible aplicación así como, o exceso de financiación afectada obtemos o **REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS** que no presente caso obtense o seguinte resultado: dous millóns seis mil douscentos cincuenta e un euros e cincuenta e tres céntimos (**2.006.251,53 €**).

Sendo o resultado do control permanente previo do expediente:

FAVORABLE

Fisterra, 31 de marzo de 2022

O secretario – interventor accidental

Asdo. Juan Carlos Carril Pérez



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

EXPEDIENTE: 2022/T019/000001

INFORME INTERVENCIÓN ACCIDENTAL

ASUNTO: INFORME DO CALCULO DA ESTABILIDADE ORZAMENTARIA E DA SUSTENTABILIDADE FINANCEIRA

Esta intervención, en virtude das atribucións de control citadas e establecidas no artigo 213 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo e desenvolvidas polo Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local; e en atención as facultades recollidas no artigo 4.1.b).4º do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, emitido o seguinte

INFORME

PRIMEIRO. A lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira establece entre os seus obxectivos garantir a estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira de todas as administracións públicas.

Por iso a aprobación e liquidación dos orzamentos das entidades locais deben realizarse baixo o cumprimento das chamadas tres regras fiscais: a estabilidade orzamentaria, a regra de gasto e a débeda pública.

É preciso recordar que a Comisión Europea decidiu aplicar a cláusula xeral de salvagarda do Pacto de Estabilidade e Crecemento no 2020 (prorrogada para o exercicio 2021), considerando que se cumprían as condicións para mantela en vigor tamén para o ano 2022, polo que o Consello de Ministros do pasado 27 de xullo acordou o mantemento da suspensión das regras fiscais.

A devandita decisión foi ratificada polo Congreso dos Deputados o 13/09/2021, considerando que en España mantéñense as condicións de excepcionalidade que xustifican manter suspendidas as regras fiscais en 2022. Dese modo, coa apreciación adoptada pola maioría absoluta do Congreso e con efectividade desde o mesmo día en que se tomou o acordo, **mantéñense suspendidos durante o exercicio 2022, os obxectivos de estabilidade e débeda, así como a regra de gasto.**

En calquera caso, a suspensión das regras fiscais non implica a suspensión da aplicación da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, nin do resto da normativa facendística, todas continúan en vigor.

Igualmente, non supón a desaparición da responsabilidade fiscal, posto que o Goberno fixou unha taxa de déficit de referencia para as Corporacións Locais no exercicio 2021 do 0,1% do PIB e do 0,0% do PIB para o exercicio 2022, que servirá de guía para a actividade municipal.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

Así, a suspensión das regras fiscais, non supón que desapareza a responsabilidade fiscal de cada unha das administracións públicas á que se refire o artigo 8 da Lei Orgánica 2/2012, como tampouco o principio de prudencia á hora de executar os seus orzamentos.

SEGUNDO. Lexislación aplicable.

- Os artigos 3, 4 e 8 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.
- O artigo 16.2 do Real Decreto 1463/2007, do 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Desenvolvemento da Lei 18/2001, do 12 de novembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa aplicación ás entidades locais.
- Os artigos 51 a 53 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.
- A Disposición Final 31ª da Lei 17/2012, do 27 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2013.
- O Regulamento (UE) Nº. 549/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 21/05/2013, relativo ao Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais da Unión Europea (SEC-10).
- Os artigos 4.1.b, 15.3.c, 15.4.e, da Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

TERCEIRO. A pesar de que os obxectivos de estabilidade, débeda pública e a regra de gastos, aprobados polo Goberno o 11/02/2020 son inaplicables por estar aprobada a súa suspensión, aos orzamentos das Entidades Locais séguelles sendo de aplicación a normativa orzamentaria contida no Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo e a súa normativa de desenvolvemento e polo tanto, o principio de estabilidade orzamentaria.

Isto é debido a que é de aplicación o apartado 1 do referido artigo 165 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que, o orzamento xeral atenderá ao cumprimento do principio de estabilidade e o artigo 16 do Real Decreto 1463/2007, do 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Desenvolvemento da Lei 18/2001, do 12 de novembro, de Estabilidade Orzamentaria na súa aplicación ás Entidades Locais, polo que a Intervención local informará sobre a avaliación do principio de estabilidade orzamentaria en termos de capacidade ou necesidade de financiación conforme ao SEC-10 con carácter independente e incorporárase aos previstos nos artigos 168.4 (no suposto de informe para a aprobación do orzamento) e no 191.3 (no suposto de informe para a aprobación da liquidación do orzamento), do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, referidos respectivamente, á aprobación do orzamento xeral e a súa liquidación.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

O devandito cálculo, que se realizará a efectos informativos, non surtirá ningún efecto durante os exercicios 2020, 2021 e 2022 por estar o obxectivo de estabilidade orzamentaria suspendido.

CUARTO. Igualmente será de aplicación aos orzamentos das entidades locais o principio de sustentabilidade financeira, pois a suspensión das regras fiscais, en concreto do obxectivo de débeda pública, non implica renunciar á prudencia na xestión financeira, sendo plenamente aplicable o principio de sustentabilidade financeira, en termos de débeda financeira.

A débeda financeira debe medirse en termos de volume de débeda viva e do límite de endebedamento a efectos do réxime de autorización de novas operacións de crédito establecido nos artigos 52 e 53 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo e a Disposición final 31ª da Lei 17/2012, do 27 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2013.

A efectos de determinar o límite de endebedamento, o total da débeda viva a efectos do réxime de autorización detallase en:

- Débeda a efectos do protocolo de déficit excesivo, incluída a débeda a corto prazo e a débeda a longo prazo, desagregando entre: emisións de débeda, operacións con entidades de crédito, factoring sen recurso, débedas con administracións públicas (FFEL), arrendamento financeiro, asociacións público-privadas, pagos aprazados con operacións con terceiros e outras operacións de crédito.
- Risco deducido de Avais.
- Operacións formalizadas dispoñibles non dispostas.
- Débeda con Administracións Públicas distinta á incluída no FFEL.
- Importe de operacións proxectadas ou formalizadas.
- Outras débedas.

O devandito cálculo da débeda financeira, tal e como dispón o artigo 15 da Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, debe efectuarse anualmente, con ocasión da aprobación do orzamento e a súa liquidación.

O cálculo da débeda financeira igualmente realizarase a efectos informativos, e non fornecerá ningún efecto durante este período, mais alá de coñecer os límites establecidos na normativa facendística para concertar novas operacións de endebedamento a longo prazo.

QUINTO. Entidades que forman o perímetro de consolidación.

O perímetro de consolidación do Concello de Fisterra, está formado polo propio concello de Fisterra, xa que non conta con organismos e entidades dependentes.

SESTO. Cálculo da Estabilidade Orzamentaria.

A estabilidade orzamentaria, identifícase cunha situación de equilibrio ou superávit computada, ao longo do ciclo económico, en termos de capacidade de financiación de



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

acordo coa definición contida no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais (SEC-10).

O cálculo da variable capacidade de financiación no marco das entidades locais, en termos orzamentarios SEC-10 e obviando certos matices de contabilización, obtense, a nivel consolidado, da diferenza entre os capítulos 1 a 7 do orzamento de ingresos e os capítulos 1 a 7 do orzamento de gastos.

A) Debido ás diferencias de criterio entre a contabilidade orzamentaria e a contabilidade nacional, é necesario a realización de axustes a fin de adecuar a información orzamentaria desta entidade aos criterios establecidos no SEC-10.

Seguindo o disposto no "Manual de cálculo do déficit en contabilidade nacional adaptado ás corporacións locais" e na "Nota sobre os cambios metodolóxicos de aplicación do novo SEC 2010 que afectan ás Contas das Administracións Públicas" editado pola Intervención Xeral da Administración do Estado (IGAE) proceder realizar os seguintes axustes:

- Non é necesario a realización de ningún axuste.

B) O cálculo da estabilidade orzamentaria con motivo da liquidación do orzamento xeral de 2021 do Concello de Fisterra, e tendo en conta que non é necesario realizar ningún dos axustes da SEC-10 detallados no punto A, presenta os seguintes resultados.

Suma dos Capítulos I a VII do orzamento de ingresos	3.384.206,14 €
Suma dos Capítulos I a VII do orzamento de gastos	3.191.378,55 €

A nivel consolidado, a suma dos Capítulos I a VII do Orzamento de Ingresos, é superior, á suma dos Capítulos I a VII do Orzamento de Gastos. É dicir, os ingresos dos Capítulos I a VII son suficientes para financiar os gastos dos mesmos capítulos do orzamento de gastos, o que representa unha situación de superávit orzamentario.

En consecuencia, baseándonos nos cálculos detallados, esta entidade presenta capacidade de financiación de cento noventa e dous mil oitocentos vinte e sete euros e cincuenta e nove céntimos (**192.827,59 €**) de acordo coa definición contida no SEC 2010.

SÉTIMO. Cálculo da Sustentabilidade Financeira.

Entenderase por sustentabilidade financeira a capacidade para financiar compromisos de gasto presentes e futuros dentro dos límites de déficit, débeda pública e morosidade de débeda comercial.

A débeda financeira debe medirse en termos de volume de débeda viva, incluída aquela a efectos do Protocolo de Déficit Excesivo, e do límite de endebedamento a efectos do réxime de autorización de novas operacións de crédito establecido nos artigos 52 e 53 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo e a Disposición Final 31ª da Lei 17/2012, do 27 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2013.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

A) O volume de débeda viva a 31/12/2021 e aos efectos de determinar o límite de endebedamento deste concello, ofrece o seguinte resultado:

ORGANISMO	ANO	IMPORTE	IMPORTE ANUAL	PERIODO DEVOLUCION
DEPUTACION (PAI)	2015	96.930,15 €	9.693,02 €	2022 a 2031
DEPUTACION (PAI)	2016	144.484,05 €	14.448,41 €	2022 a 2031
DEPUTACION (PAI)	2017	120.444,22 €	12.044,43 €	2022 a 2031
DEPUTACION (PAI)	2018	46.166,19 €	4.616,62 €	2022 a 2031
DEPUTACION (PAI)	2019	80.404,50 €	8.040,45 €	2023 a 2032
DEPUTACION (PAI)	2020	93.490,00 €	9.349,00 €	2022 a 2031
DEPUTACION (PAI)	2021	100.175,15 €	10.017,52 €	2022 a 2031
TOTAL		682.094,26 €	68.209,45 €	

Estes importes veñen derivados dos préstamos concedidos pola Deputación de A Coruña (PAI = Plan de Aforro e Investimento) para a execución de obras.

B) De conformidade coa normativa vixente, os ingresos correntes a considerar a efectos de determinar o límite de débeda desta Entidade, serían os seguintes:

- Importe dos ingresos (Dereitos Recoñecidos Netos) = 3.812.479,73 €

Aos ingresos correntes, nas cifras deducidas dos estados contables consolidados, descontaranse, o importe dos ingresos afectados a operacións de capital e calquera outro ingreso extraordinario aplicado aos capítulos 1 a 5, que pola súa afectación legal e/ou carácter non recorrente, non teñen a consideración de ingresos ordinarios.

- Importe dos ingresos afectados = 843.171,76 €

C) En base aos cálculos precedentes e aos datos presentados, observase que o importe dos recursos correntes liquidados do último exercicio, unha vez deducido o importe dos ingresos afectados, é de dous millóns novecientos sesenta e nove mil trescentos sete euros e noventa e sete céntimos (**2.969.307,97 €**); e o importe de débeda viva total deste Concello en termos consolidados, é de seiscientos oitenta e dous mil noventa e catro euros e vinte e seis céntimos (**682.094,26 €**).

Polo tanto, a porcentaxe de débeda viva deste concello é de **22,97 %**, polo que estamos nunha porcentaxe **inferior** ao límite de endebedamento regulado na normativa vixente que está situado no 75 %.

Sendo resultado do control permanente previo do expediente:

- Con efectos informativos.

Fisterra, 31 de marzo de 2022

O secretario – interventor accidental

Asdo. Juan Carlos Carril Pérez



CONCELLO DE
FISTERRA
Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
C.I.F.: P1503800C
Telf. 981 740 001
info@concellofisterra.com

exp. 2022/G003/000137

DECRETO

ASUNTO: APROBACIÓN DA LIQUIDACION DO ORZAMENTO XERAL DO EXERCICIO 2021

EXPEDIENTE: 2022/G003/000137

Relacionado co expediente: 2022/T019/000001

ANTECEDENTES:

Visto que con data 31/03/2022 iniciouse o procedemento para aprobar a liquidación do orzamento do exercicio 2022 do Concello de Fisterra.

Visto que con data 31/03/2022, foi emitido informe de Intervención Accidental, de conformidade co artigo 191.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Visto que con data 31/03/2022, emitíuse o informe de Intervención Accidental sobre o cálculo da estabilidade orzamentaria e a sustentabilidade financeira.

De conformidade co artigo 191.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo e co artigo 90.1 do Real Decreto 500/1990, sobre materia orzamentaria.

RESOLVO

PRIMEIRO. Aprobar a liquidación do orzamento xeral do exercicio 2021 do Concello de Fisterra, atendendo aos seguintes datos:

A) RESULTADO ORZAMENTARIO		
1	DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	3.812.479,73 €
2	OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS	3.484.389,08 €
3	RESULTADO ORZAMENTARIO	328.090,65 €
4	GASTOS FINANCIADOS CON REMANENTE DE TESOURERIA PARA GASTOS XERAIS	223.110,70 €
5	DESVIACIÓNS DE FINANCIAMENTO NEGATIVAS DO EXERCIZO	36.312,65 €
6	DESVIACIONES DE FINANCIAMENTO POSITIVAS DO EXERCIZO	31.270,46 €
7	RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO	556.243,54 €

B) ESTADO DE REMANENTE DE TESOURERIA		
1	FONDOS LÍQUIDOS	1.846.479,02 €
2	DEREITOS PENDENTES DE COBRO	581.392,06 €
	(+) DO ORZAMENTO CORRENTE	166.447,92 €
	(+) DE ORZAMENTOS PECHADOS	414.944,14 €
	(+) DE OPERACIONES NON ORZAMENTARIAS	0,00 €
3	OBRIGAS PENDENTES DE PAGAMENTO	299.233,13 €
	(+) DO ORZAMENTO CORRENTE	96.905,26 €
	(+) DE ORZAMENTOS PECHADOS	18.150,08 €



CONCELLO DE
FISTERRA
Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
C.I.F.: P1503800C
Telf. 981 740 001
info@concellofisterra.com

exp. 2022/G003/000137

	(+) DE OPERACIONES NON ORZAMENTARIAS	184.177,79 €
4	PARTIDAS PENDENTES DE APLICACIÓN	41.129,98 €
	(-) COBROS REALIZADOS PENDENTES DE APLICACIÓN DEFINITIVA	28.704,63 €
	(+) PAGOS REALIZADOS PENDENTES DE APLICACIÓN DEFINITIVA	69.834,61 €
I	REMANENTE DE TESOURERÍA TOTAL	2.169.767,93 €
II	SALDO DE DUBIDOSO COBRO	152.108,91 €
III	EXCESO DE FINANCIAMENTO AFECTADO	11.407,49 €
IV	REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS	2.006.251,53 €

2º) Dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre, de acordo co establecido nos artigo 193.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, e 90.2 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril.

3º) Ordenar a remisión de copia da liquidación do orzamento do exercicio 2021 do Concello de Fisterra, á Delegación de Facenda da Administración do Estado e á Comunidade Autónoma de Galicia, antes de rematar o mes de marzo do exercicio seguinte ao que corresponda.

Todo iso para cumprir co previsto no artigo 193.5 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, e no artigo 91 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o capítulo I do Título VI da Lei 39/1988, do 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais.

Mandouno e asina o Sr. Alcalde en Fisterra, a xoves 31 de marzo de 2022, do que eu, como secretario, certifico.

O ALCALDE,

ANTE MIN

O SECRETARIO-INTERVENTOR ACCIDENTAL,

José Marcote Suárez

Juan Carlos Carril Pérez